

Martes, 11 de xullo de 2023

Núm. 133

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MEAÑO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

DELEGACIÓN DE FUNCIONS NOS TENENTES DE ALCALDE

NOMEAMENTO DE ALCALDE DO CONCELLO DE MEAÑO

A Alcaldía, con data 30-06-2023, n.º 2023-0426, ditou a seguinte:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: DELEGACIÓN DE FUNCIONS

EXPEDIENTE: 590/2023

Ao abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 43 e ss. Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, procédese á delegación de funcións.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en concordancia co 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo e os artigos 43.1e4 e 44 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, RESOLVE:

Primeiro.- Delegar a favor dos Tenentes de Alcaldes as seguintes atribucións:

* Na Primeira Tenente de Alcaldes e concelleira de servizos sociais e igualdade o seguimento, D^a Mercedes Cousido García, coordinación e impulso en materia de instalacións e equipamentos sociais, asistencia social, servizos sociais e promoción social, muller, terceira idade e igualdade; non incluíndo a presente delegación a facultade de resolver mediante actos administrativos.

* No Segundo Tenente de Alcaldes e concelleiro de servizos, infraestruturas e urbanismo, D. Jorge Besada Serén, o seguimento, coordinación e impulso implantación das actuacións en materia de mellora, mantemento, conservación e funcionamento de vías públicas, alcantarillado, saneamento, abastecemento de auga, recollida de lixo, limpeza viaria, cemiterio, alumeados, fontes, lavadoiros, parques, xardíns, mellora de entornos fluviais e rutas paisaxísticas, infraestruturas e urbanismo; non incluíndo a presente delegación a facultade de resolver mediante actos administrativos.

* Na Terceira Tenente de Alcaldes e concelleira de cultura, educación, infancia, xueventude, deporte, ocupación do tempo libre, turismo e comercio, Raquel Balboa Torres, o seguimento e a coordinación en materia de educación, promoción cultural, promoción do deporte, ocupación



Martes, 11 de xullo de 2023

Núm. 133

do tempo libre, infancia e xuventude, promoción turística e comercio; non incluíndo a presente delegación a facultade de resolver mediante actos administrativos.

* No Cuarto Tenente de Alcalde e concelleiro de desenvolvemento sostible e ciclo da auga, D. Ramón Alfonso Piñeiro, o seguimento, coordinación, impulso e implantación de desenvolvemento sostible e ciclo da auga; non incluíndo a presente delegación a facultade de resolver mediante actos administrativos.

Segundo.- Estas delegacións teñen a consideración de especiais.

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación, notificándollo persoalmente aos designados, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa no prazo de tres días hábiles de non aceptación do cargo; coa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da presente resolución.

Mando o Sr. alcalde D. Carlos Vieitez Fernández, e na data indicada na marxe, e asinao coa secretaria-interventora D^a M^a Teresa Escudero Barral, que da fe aos efectos do disposto no artigo 3.2.e do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.”

O que se fai público, en cumprimento do artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Meaño, o alcalde Carlos Viéitez Fernández

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

